

Transformamos os residuos en recursos



Entrevistamos a...



Joaquín Pérez Viota
Presidente de Aeversu

“España debe duplicar su capacidad de valorización energética para 2035”

[Ler máis...](#)



Manuel Verdes
Dinamizador de FP Dual de la Xunta de Galicia

“A FP Dual integra a formación profesional coas necesidades empresariais”

[Ler máis...](#)

Editorial



Javier Domínguez
Presidente de Sogama

Cando é o Estado quen penaliza a xestión eficiente

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

As novas plantas de transferencia de Arbo e Riotorto reforzan a rede pública de instalacións para a xestión dos residuos municipais



Coa posta en marcha das plantas de transferencia de Arbo e Riotorto está a piques de completarse a Rede galega para a valorización

dos biorresiduos, á espera de que rematen os traballos programados na remodelación da planta de Vigo.

[Ler máis...](#)

Actualidade

Sogama saca a licitación a xestión do vertedoiro controlado de Areosa



Adxudicada a xestión integral das plantas de Cervo, Verín e Vilanova de Arousa

[Ler máis...](#)

Multimedia

Todo o que necesitas saber sobre compostaxe doméstica aquí



5 de xuño: Grazas!



5 datos sobre a reciclaxe de aluminio



[Ver máis...](#)

Eventos

Sogama na Feira Enerxética 2024

III Encontro ESGREM e xornada sobre Economía Circular Inclusiva

[Máis eventos...](#)

Curiosidades

Reducir refugallos e convertelos en recursos

A Unión Europea reforza a redución de envases de plástico

[Máis curiosidades...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

Salteado de verduras con patacas asadas

[Ver receita...](#)

Editorial



Cando é o Estado quen penaliza a xestión eficiente

As medidas aplicadas polo Estado impactaron nas contas de Sogama. Tras varios anos consecutivos de equilibrio económico, resultado dunha xestión honesta, prudente, eficiente e previsora, posibilitada á súa vez polo esforzo e dedicación dun equipo humano modélico e cunha clara vocación de servizo público, este equilibrio quebrouse como consecuencia dunha serie de decisións adoptadas de forma unilateral polo Goberno central, abocando á Sociedade que presido a unhas perdas económicas superiores a 18 millóns de euros en 2023. Os impostos sobre a vertedura e á incineración, que supuxeron 9,1 millóns de euros o pasado ano, e que Sogama soportou coa súa caixa, evitando desta forma que recaesen nos concellos, tiveron continuidade con outras medidas que evidencian a falta de sensibilidade do Estado coas empresas e a cidadanía. Entre estas, cabería mencionar a eliminación da retribución ao investimento da planta termoeléctrica, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizará a súa vida

útil, así como a redución do investimento á explotación da planta de coxeración no segundo semestre do exercicio pasado, e a recuperación do tributo eléctrico do 7%. Estas accións incrementaron en 39 euros o custo que para Sogama ten o tratamento de cada tonelada de residuos que entra nas súas instalacións. Cando se supón que a Administración do Estado debería apoiar ás entidades cunha xestión eficiente ou, alomenos, deixalas "sobrevivir" cos propios recursos que xeran e que, no caso de Sogama, permitíronlle realizar investimentos por un importe superior a 100 millóns de euros para prestar un mellor servizo aos galegos, a resposta do Goberno central foi poñer trabas e máis trabas que prexudican a esta compañía, así como aos 295 concellos aos que esta da servizo. Cal é o resultado desta política errática, improvisada, interesada e insolidaria do Estado? Pois a actualización do canon que Sogama aplica aos concellos para cubrir os custos básicos do tratamento dos residuos producidos por máis 2,2 millóns de habitantes.

Esta situación, froito de decisións desatinadas e/ou malintencionadas que, ademais de lesionar as arcas locais, comprometen a protección ambiental, é aproveitada de forma pouco ortodoxa por determinados grupos políticos para cuestionar o modelo que posibilitou que os 300 vertedoiros municipais coas que contaba Galicia na década dos 90, e que comprometían a saúde pública. Cal é a razón de actuar así? Moi fácil: a súa incapacidade de propoñer unha alternativa viable.

[Editorial en castelán](#)

Presidente

Javier Domínguez Lino

Entrevistamos a...



Joaquín Pérez Viota

Presidente de Aeversu

“Para cumplir los objetivos europeos para el 2035, España debería duplicar la capacidad de valorización energética”

La valorización energética se ha consolidado como una solución fundamental para gestionar residuos que no pueden ser reciclados, impulsando la sostenibilidad medioambiental. A nivel europeo, se han fijado ambiciosas metas para 2035, enfocadas en reducir el uso de vertederos y aumentar el reciclaje. No obstante, en España, el reciclaje sigue siendo insuficiente.

Joaquín Pérez Viota, presidente de la Asociación de Empresas de Valorización Energética de Residuos Urbanos (Aeversu), señala que el país debe duplicar su capacidad de valorización energética para alcanzar los objetivos europeos. Esta tecnología no solo reduce la cantidad de residuos enviados a vertederos, sino que también disminuye las emisiones de CO2 y genera tanto electricidad como energía térmica.

El pasado mes de abril se hacía público su nombramiento como presidente de la Asociación de Empresas de Valorización Energética de Residuos Urbanos (Aeversu). ¿Cuál es su principal reto al frente de esta entidad?

Nuestro principal objetivo en esta etapa es mostrar la realidad, prestar soporte y difundir la valorización energética como herramienta clave, de acuerdo con la jerarquía de residuos, para el cumplimiento de los objetivos de reducción de la cantidad de residuos no reciclables enviados a vertederos. Durante los últimos años, Aeversu ha trabajado una estrategia sobre las actuaciones y cometidos de la asociación, al que debemos dar continuidad. Ahora es el momento del reconocimiento de la valorización energética como fuente de energía sostenible a nivel europeo y nacional. Así que nuestros esfuerzos están centrados

en fortalecer el papel económico y social de nuestras plantas en las comunidades locales, asegurando que aporten un valor añadido. Estos esfuerzos están diseñados para integrar la valorización energética en la agenda de sostenibilidad de Europa y asegurar un impacto positivo en las comunidades en las que servimos.

La visión social de la valorización energética a lo largo del tiempo ha adolecido de una gran confusión, pesando sobre la misma un desconocimiento que todavía hoy sigue dando coletazos. ¿Qué aporta la valorización energética a la gestión de los residuos y qué papel desempeña actualmente en la economía circular?

En el contexto de la economía circular, la valorización energética desempeña un papel fundamental, al aportar una solución sostenible y eficiente

“Este proceso reduce los residuos en vertederos, conserva recursos naturales y es clave para combatir el cambio climático al disminuir el uso de combustibles fósiles y fomentar energías limpias.”

para la gestión de residuos que no son reciclables, transformándolos en energía útil como electricidad o calor. Este proceso ayuda a reducir la cantidad de residuos que terminan



Entrevistamos a...

en vertederos, otorgándoles una nueva vida y contribuyendo a la conservación de recursos naturales. Además, es clave en la lucha contra el cambio climático y la reducción de gases de efecto invernadero, ya que disminuye la dependencia de combustibles fósiles y promueve el uso de energías renovables. Donde no llega el reciclaje, la valorización energética ofrece una generación de energía barata, autóctona y renovable.

Las 11 plantas de Aeversu en España tratan 2,5 M toneladas de residuos, y generan 2.000 GWh al año. Además, suministran una energía eléctrica equivalente a las necesidades de 600.000 hogares, 1,6 M de habitantes, el 3,5% de la población española.

Valorización energética, reciclaje y vertedero: ¿cuál es la relación que debe haber entre los tres?

La jerarquía de residuos está estructurada en cinco niveles: prevención, reutilización, reciclado, valorización energética y eliminación. Las políticas nacionales y europeas deben ir en la línea de maximizar el reciclaje, y minimizar el vertedero. De ahí, el establecimiento de unos rigurosos objetivos para 2035, de obligado cumplimiento para todos los Estados miembros. Antes de llegar a esa fecha, todos los países deberán reciclar al menos el 65% de los residuos producidos, y eliminar en vertedero menos del 10%. La valorización energética emerge como una pieza fundamental en el engranaje de la jerarquía de residuos, como la solución para ese 25% de residuos que, por sus características, no pueden ser reciclados, y no deberían ser enviados a vertedero.

Entramos en las comparaciones a nivel europeo. ¿Qué posición ocupa la valorización energética en España respecto a otros países europeos? ¿Por qué en algunos Estados genera controversia, mientras que en otros está perfectamente asentada? ¿Se trata de una cuestión cultural o de comunicación?

Si realizamos un análisis de aquellos países europeos más maduros medioambientalmente nos encontramos con Alemania, Austria, Países Bajos o Bélgica, con porcentajes superiores al 55% de valorización energética y hasta del 69%, en el caso de Alemania. En todos estos países se da un



Joaquín Pérez Viota es presidente de Aeversu desde abril de 2024.

denominador común, el rechazo de la opción del vertedero como alternativa de tratamiento, y la opción preferente de la valorización energética para dar una segunda vida a aquellos residuos que no pueden reintroducirse en el circuito de recuperación y reciclaje. España ofrece una visión diferente. Con un porcentaje de reciclado del 39%, muy alejado de la media europea del 48%, es la líder europea en cuanto a toneladas eliminadas en vertedero, con casi un 50% del residuo generado. Nuestro país genera por sí solo el 20% del total de toneladas enviadas a vertedero de toda la Unión Europea.

En lo referente a la valorización energética, nos encontramos con un 11% de residuos tratados, frente a la media europea del 26%. Estamos, por tanto, en el furgón de cola europeo. Respecto a la oposición existente en nuestro país al respecto de la implantación de nuevas instalaciones de valorización energética, está claro que uno de los factores es la falta de información clara y accesible sobre los beneficios ambientales y energéticos de la valorización energética. Históricamente, en el norte de Europa, donde los países son demandantes de sistemas eficientes y económicos de calefacción, ha sido más fácil

transmitir los beneficios de la valorización energética como fuente de calor local próxima y barata. Sin embargo, en el sur de Europa ha sido más complejo trasladar los beneficios energéticos y ambientales que suponen este tipo de soluciones. Alternativas como la utilización del calor residual de las instalaciones como fuentes generadoras de energía térmica, como la que actualmente se desarrolla en Barcelona, son sin duda vías de descubrimiento de los beneficios tangibles de la valorización de residuos, además de los ambientales y energéticos.

Recientemente, Aeversu se ha sumado a la petición impulsada por las organizaciones europeas FEAD, CEWEP, Municipal Waste Europe y SGI Europe para que el calor residual generado a través de la valorización energética de los residuos no reciclables sea incluido en la normativa europea. Háblenos de ello.

El calor residual es la energía térmica producida en procesos industriales o de generación de energía que, por lo común, se desperdicia si no se utiliza. En el marco de la valorización energética, este calor se origina cuando los residuos no reciclables se someten a un proceso de combustión.



Entrevistamos a...

En las instalaciones de valorización energética, el calor generado durante la combustión de residuos puede ser capturado para su uso eficiente, generando así electricidad o suministrando energía térmica a redes urbanas de frío y calor, también conocidas como "district heating", para su uso en calefacción, aire acondicionado y agua caliente sanitaria, contribuyendo de esta manera a la eficiencia energética y la reducción del uso de combustibles fósiles.

La utilización de este calor no solo mejora la eficiencia energética y reduce las emisiones de carbono, sino que también apoya la transición hacia una economía circular, al transformar un subproducto inevitable del tratamiento de residuos en un recurso valioso. Reconocer y utilizar el calor remanente de la valorización energética es esencial para no desperdiciar un recurso energético disponible, valioso y local, destacando la necesidad de una política energética más integrada y sostenible en Europa. El reconocimiento completo de este tipo de energía en la legislación europea permitiría maximizar el uso de fuentes de energía locales y sostenibles, integrando estas instalaciones en sistemas urbanos de calefacción y refrigeración más eficientes. Esto no solo se alinea con los objetivos de sostenibilidad ambiental, sino que también potencia la seguridad energética en las regiones que dependen significativamente de los combustibles fósiles para sus necesidades de calefacción.

"Es necesario duplicar la capacidad de valorización energética antes de 2035."

El cumplimiento en España de los objetivos europeos para los próximos años, preocupa y mucho. ¿Puede ayudar la valorización energética en la consecución de los mismos?

En el año 2035 España deberá reciclar el 65% del residuo generado, y deberá enviar a vertedero menos de un 10% del total. Como hemos indicado anteriormente, en España nos situamos en un 39% de residuo reciclado, y en un 50% de residuo eliminado en vertedero. Si a esto le unimos que, a partir del 1 de enero de 2027, el material bioestabilizado procedente de la materia orgánica no recogida selectivamente no podrá ser considerado como un material reciclado, es fácil concluir que tenemos motivos sobrados para estar muy preocupados porque nos encontramos muy lejos de los objetivos marcados.

En el caso de que todas las políticas de las diferentes comunidades autónomas se alineasen en la búsqueda del mayor porcentaje posible de reciclado, el 65%, y de un cumplimiento riguroso del porcentaje de eliminación en vertedero, el 10%, lo que sí está claro es que habría que dar solución a

un 25% de los residuos restantes, que por imposibilidades técnicas o por las propias características del material, no han podido ser reciclados.

La única solución viable de acuerdo con la jerarquía de residuos es la aplicación de la valorización energética. La capacidad actual de valorización energética de las 11 instalaciones del territorio nacional sólo puede tratar el 11% de esos residuos; por lo que sería necesario, al menos, duplicar la capacidad de valorización energética de aquí al año 2035.

¿Qué ventajas nos puede traer la valorización energética de ese 25% de residuo, esas aproximadamente 5,5 millones de toneladas de residuos anuales?

La implantación de la valorización energética en lugar de la eliminación en vertedero produce un ahorro directo de un 246% de las toneladas equivalentes de CO₂ emitidas en vertedero controlado y producidas por emisiones difusas. Es decir, 3.000.000 de toneladas equivalentes de CO₂, que corresponderían, para hacernos una idea, al CO₂ generado anualmente por 1.500.000 turismos. Además, en aquellas comunidades autónomas en las que existe implantación de instalaciones de valorización energética se es capaz de satisfacer las necesidades eléctricas del 10% de los hogares. Con un esquema de tratamiento que respetase los objetivos y la jerarquía europea, podríamos llegar a satisfacer el consumo eléctrico de 1.400.000 hogares.



PERFIL PROFESIONAL

Joaquín Pérez Viota, ingeniero de Caminos, Canales y Puertos nacido en Santander en 1972, se ha consolidado como un referente en el ámbito de la valorización energética de residuos urbanos.

Con más de dos décadas en Urbaser, S.A., ha liderado proyectos clave, como la construcción y gestión de las modernas Instalaciones de Tratamiento Integral de Residuos en Meruelo, Cantabria, donde ejerce como director general desde 2013.

Su experiencia internacional incluye haber sido director de la Planta de Valorización Energética en Marsella, Francia, entre 2011 y 2013. Actualmente, además de su rol en Cantabria, dirige diversas sociedades del Grupo Urbaser.

🔍 Volver á portada

5



Entrevistamos a...



Manuel Verdes

Dinamizador de FP Dual
da Xunta de Galicia



“A FP Dual integra a formación profesional coas necesidades do tecido empresarial”

Manuel Verdes, Dinamizador de FP Dual da Xunta de Galicia, leva desde 2019 traballando para integrar as necesidades empresariais no sistema educativo da Formación Profesional. Neste novo modelo formativo, coñecido como FP Dual, as empresas participan de forma activa no proceso de aprendizaxe, ofrecendo aos estudantes unha formación teórico-práctica que combina o ámbito académico co empresarial.

Antes de entrar en materia, que é a FP Dual?

Trátase dun novo modelo de formación no que as empresas se integran de forma activa nos plans formativos dos ciclos de Formación Profesional (FP). A empresa corresponsabilízase, xunto co centro educativo, para formar ao alumnado. En Galicia, este proxecto comezou no curso 2012-2013, como unha experiencia piloto, cunha empresa, un ciclo formativo e un grupo de 14 alumnos/as. No curso 2023-2024, o modelo experimentou un gran crecemento, contando xa con preto de 180 ciclos, 1.000 empresas colaboradoras e 3.000 alumnos/as. Neste sistema, de Formación Dual Intensiva, o 35% da formación realízase nas empresas, que ademais ofrecen unha retribución económica ó alumnado. No curso actual (2024-2025), a totalidade da formación será dual, coexistindo a modalidade intensiva coa xeral. No caso da modalidade xeral, mantense o compromiso formativo entre centros educativos e empresas, aínda que sen retribución económica. Con todo, os alumnos e alumnas contarán coa alta na Seguridade Social e realizarán entre

o 20% e o 34% da súa formación no ámbito empresarial.

En esa relación teórico-práctica entre centros de formación e empresas, como beneficia a FP Dual a ambas as dúas partes? E ao propio alumnado?

Para a empresa é unha forma de ir adaptando ao futuro traballador/a aos seus propios procesos produtivos, coas súas máquinas, os seus procedementos de traballo, normas, clima laboral, tempos e persoal, conseguindo que pase a integrarse no equipo como un traballador/a cualificado máis. Desafortunadamente, o alumnado consegue a titulación e un emprego no ámbito para o que se formou. Pero, máis aló disto, existen unha serie de beneficios entre os que destaca a propia reciclaxe do profesorado que, grazas á comunicación estreita cos titores dos centros laborais, teñen a oportunidade de actualizar os seus coñecementos sobre os máis novidosos procedementos laborais. Pola súa banda, os alumnos e alumnas, ademais de acceder ás últimas tecnoloxías dispoñibles nas empresas, tamén se benefician de

“No curso actual (2024-2025), a totalidade da formación será dual, coexistindo a modalidade intensiva coa xeral.”

estar dados de alta na Seguridade Social e, no caso dos da FP Dual Intensiva, da correspondente retribución económica. Neste sistema, o centro formativo tamén se beneficia do uso potencial de equipos de traballo fora das súas instalacións.

Que perfil buscan as empresas medioambientais en xeral? E as de xestión de residuos en particular?

Os perfís profesionais máis demandados no último lustro son estudantes de mantemento industrial (mecatrónica, soldadura, electromecánica), persoal

🔄 **Volver á portada**

6

Entrevistamos a...

administrativo, de transporte e lóxística e, aínda que no último ano, vimos un incremento na demanda de perfís relacionados coa programación e a informática.

Que futuro augura para a FP Dual?

Ao igual que en outras áreas, o futuro da FP Dual dependerá do mercado laboral, da calidade e das gañas de mellorar coas que traballemos no presente. Debemos ter en conta que o equipo que intervéñ nesta modalidade formativa está integrado por numerosos axentes, pero os principais son as empresas, que deben contar con tiores dispoñibles e implicados. Cada parte debe contribuír ao bo funcionamento, os centros debemos traballar na motivación dos e das estudantes e na actualización do profesorado; as familias deben facilitar a carreira laboral, e as Administracións o marco normativo e os recursos materiais necesarios. Se todos e todas traballamos co obxectivo común, a FP Dual terá éxito.

Cada vez máis, a economía circular, como modelo de desenvolvemento, debe estar presente en tódolos sectores. Cre que a sostibilidade e a economía circular preocupan ás empresas? Estanse incorporando aos seus plans estratéxicos?

Si, a sostibilidade e a economía circular están adquirindo relevancia no mundo empresarial. Cada vez máis empresas recoñecen que integrar prácticas sostibles e principios de economía circular, non só é beneficioso para o medio

“Cada vez máis empresas recoñecen que integrar prácticas sostibles e principios de economía circular, non só é beneficioso para o medio ambiente, senón que tamén achega vantaxes competitivas.”

🔄 Volver á portada



Manuel Verdes participou no deseño do plan de formación específico para o persoal da planta de clasificación de envases de Sogama.

ambiente, senón que tamén achega vantaxes competitivas importantes. Por exemplo, parte da preocupación das empresas pasa por mellorar a súa reputación e atraer clientes comprometidos co respecto ao medio. A nivel gubernamental, tamén observamos un aumento nas regulacións ambientais máis estritas, que impulsa ás organizacións a adoptar medidas responsables. A economía circular, ademais, promove a redución de residuos e a reutilización de materiais, o que non só incrementa a eficiencia, senón que tamén reduce recursos naturais limitados. Neste contexto, o sector empresarial está incorporando obxectivos de sostibilidade nas súas estratexias corporativas. Isto inclúe metas como a redución de emisións, o uso de materiais reciclados, e o desenvolvemento de produtos máis duradeiros e reciclables. Ademais, o número de compañías que adoptaron estándares e certificacións relacionadas coa sostibilidade, como a ISO 14001 ou certificados de produtos ecolóxicos, vai en aumento. Estas certificacións permítelles demostrar o seu compromiso co medio ambiente, ao tempo que melloran a transparencia

e xeran maior confianza entre investidores e consumidores. Pero non debemos esquecer os desafíos que implica a transición cara unha economía circular. A súa implementación pode ser custosa e requirir cambios profundos na cadea de subministración e nos procesos de produción. Ademais, algunhas empresas atopan dificultades para medir de maneira cuantitativa o impacto e os beneficios destas prácticas.

Vostede participou activamente no deseño e desenvolvemento dun plan de formación específico para o persoal da planta de clasificación de envases de Sogama co fin de que accedese a determinadas titulacións e así impulsar a profesionalización do sector. Que valoración fai desta iniciativa?

A Unión Europea detectou que en España existían preto de tres millóns de traballadores e traballadoras con gran experiencia profesional, pero sen unha certificación que a avalase. Isto supón un freo, tanto para a carreira profesional das propias persoas traballadoras como para as empresas que apostan pola profesionalización.



Entrevistamos a...

En Sogama, comezouse, como proxecto piloto, cunha sección formada por 36 traballadores entre persoal da Planta de Clasificación de envases (26) e Mantemento (10). A taxa de participación no proceso foi de máis do 90% no primeiro grupo e do 100% no segundo. En canto ás certificacións de competencias, chegaron a máis de 100 titulacións relacionadas tanto co medio ambiente coma co mantemento nesta clase de plantas.

O impulso á profesionalización contribúe a elevar os estándares do sector. Con forza laboral máis capacitada, pódense implementar prácticas máis avanzadas e efectivas, e fomentar unha maior

responsabilidade e compromiso coa sostibilidade.

Investir en formación e desenvolvemento profesional mellora a motivación e a satisfacción laboral. As persoas empregadas que ven oportunidades de crecemento nos seus roles son máis proclives a estar comprometidas.

En resumo, a implementación dun plan de formación específico para o persoal da planta de clasificación de envases de Sogama foi unha iniciativa moi positiva porque, non só mellora a eficiencia e profesionalización do sector, senón que tamén apoia a sostibilidade e o cumprimento normativo.

“As persoas empregadas que ven oportunidades de crecemento nos seus roles son máis proclives a estar comprometidas.”



PERFIL PROFESIONAL

Manuel Verdes Abella, nado no ano 1971, é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, e ocupa o posto de funcionario de carreira desde 2008 como docente na especialidade de Formación e Orientación Laboral.

Dinamizador da relación entre empresas e a Formación Profesional desde 2019, encárgase de realizar labores de prospección para identificar necesidades de persoal cualificado e deseñar ciclos formativos que as cubran. Ademais, promove a certificación oficial de traballadores/as con ampla experiencia profesional pero sen titulación que a avale.



Mundo SOGAMA

As novas plantas de transferencia de Arbo e Riotorto reforzan a rede pública de instalacións para a xestión dos residuos municipais

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, inaugurou as instalacións de Arbo e Riotorto, coas que se dá resposta ás necesidades da xestión de residuos dunha poboación de 29.000 habitantes repartidos en 10 concellos



A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, durante a inauguración da planta de transferencia de Arbo, acompañada polo presidente de Sogama, Javier Domínguez e os alcaldes de Arbo, A Cañiza, As Neves e Crecente.

Coa posta en servizo das novas plantas de transferencia de residuos de Arbo (Pontevedra) e Riotorto (Lugo), a Rede pública para a xestión dos residuos municipais incrementa en 13.200 toneladas a súa capacidade operativa. A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, inaugurou estas dúas infraestruturas acompañada polo presidente de Sogama, Javier Domínguez, e as autoridades locais de Arbo e Riotorto.

A planta de Arbo dá servizo aos concellos de A Cañiza, Crecente, As Neves e o propio municipio de Arbo, atendendo a una poboación de 13.500 habitantes e cunha capacidade de xestión de 5.700 toneladas de residuos. Foron empregados 2,25 millóns de euros na súa construción e equipamento. No caso de Riotorto, a instalación atende ás necesidades dunha poboación de 15.500 veciños residentes nos municipios de Abadín, A Pastoriza, A Pontenova, Meira, Trabada e Riotorto. Esta planta, na que se investiron 2,15 millóns de euros, ten capacidade

para xestionar 7.500 toneladas de refugallos. As novas instalacións están preparadas para transvasar as tres fraccións que recibe a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) —envases de plástico, latas e briks (bolsa amarela), fracción resto (bolsa negra) e materia orgánica (bolsa marrón)— e transferilas despois á planta de compostaxe de Cervo, no caso de Riotorto, e á de Vilanova de

Arousa, no caso de Arbo. A posta en marcha das 17 instalacións que conforman a Rede galega para a valorización da materia orgánica, supuxo un investimento de 45 millóns de euros e conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa FEDER de Galicia 2021-2027. Tan só queda por entrar en servizo a planta de Vigo, que está a ser remodelada para poder acoller biorresiduos urbanos.



A planta de Arbo atende a unha poboación de 13.500 habitantes.

🔄 [Volver á portada](#)

9



Actualidade



Imaxe aérea do vertedoiro de Areosa.

Licitada por 58 millóns de euros a xestión integral do vertedoiro controlado de Areosa e as súas instalacións

Sogama integra nun único contrato a xestión dos residuos do vertedoiro, a depuración de lixiviados, a planta de biogás e a comercialización do compost obtido na planta de compostaxe

Sogama vén de licitar, por un importe base de 39.619.807,14€ e un valor total estimado de 58.057.253,15€, a xestión integral do seu vertedoiro controlado de Areosa (Cerceda) e as instalacións que o conforman.

O contrato, que inclúe obras e servizos, e cunha duración inicial de 3 anos (prorrogable por 2 máis), contempla a xestión dos residuos que entran no vertedoiro, as depuradoras de osmose inversa, planta de biogás,

planta de compostaxe (xunto coa comercialización do compost obtido na mesma) e mantemento postclausura das fases xa seladas e clausuradas.

A licitación tamén aglutina diversas obras como é o caso da selaxe da subfase 1.2 da ampliación sur do vertedoiro e a construción do Vaso 6, a posta en marcha de distintas instalacións eléctricas e de iluminación, a construción dun novo centro de transformación e a adaptación da planta de

compostaxe aos requisitos SANDACH categoría 3.

Sogama integra así o conxunto dos elementos do vertedoiro nun único contrato para unha xestión eficaz do mesmo, priorizando a seguridade e o rigoroso cumprimento dos requisitos ambientais: desde a disposición de residuos ata a depuración de lixiviados, o aproveitamento de biogás, a correcta selaxe de fases colmatadas e a óptima operación da planta de compostaxe.



Actualidade

Adxudicada a xestión integral das plantas de biorresiduos de Cervo, Verín e Vilanova de Arousa

Os traballos foron adxudicados por 3,9 millóns de euros e consistirán na xestión, mantemento e limpeza das plantas, así como a comercialización do compost de calidade que se elabora cos biorresiduos depositados polos veciños no contedor marrón



Plantas de biorresiduos de Sogama.

Sogama adxudicou por un importe de 3,9 millóns de euros, a xestión integral das plantas de biorresiduos de Cervo (Lugo), Verín (Ourense) e Vilanova de Arousa (Pontevedra). O contrato, con dous anos de duración, contempla a operación, mantemento e limpeza destas tres instalacións —propiedade de Sogama—, cuxa función é elaborar compost de calidade a partir da materia orgánica depositada polos cidadáns nos contedores marróns municipais. O proceso

industrial abrangue as fases de pretratamento, fermentación, maduración e afino. A adxudicataria tamén é a encargada de distribuír e comercializar o abono resultante. Sogama, por encargo da Xunta, completou en 2023 unha rede pública de infraestruturas para a valorización da materia orgánica, conformada por estas tres instalacións de biorresiduos (Cervo, Verín e Vilanova), ademais da de Cerceda, e 13 plantas de transferencia de apoio ás que se

dotou dunha tolva específica para o transvasamento da materia orgánica desde os camións de recollida municipal, sendo esta transportada á planta pública máis próxima. A rede facilita ás entidades locais a xestión dos biorresiduos e dar cumprimento á lexislación vixente, propiciando que a práctica totalidade dos municipios adheridos a Sogama (295) contén unha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia.



Actualidade

O Complexo Medioambiental de Cerceda suma máis de 84.000 visitas guiadas para coñecer a xestión, operativa e equipamento de Sogama

A sociedade aproveitou a celebración do Día Mundial do Medio Ambiente para facer público o balance de visitas divulgativas que recibiron as instalacións de Cerceda. Os responsables da sociedade participada pola Xunta destacaron a incorporación de modernos sistemas de realidade virtual para apreciar en detalle as diferentes partes que vertebran o Complexo



O presidente de Sogama, Javier Domínguez cun grupo de visitantes.

Máis de 84.000 persoas visitaron o Complexo Medioambiental de Cerceda (A Coruña) durante os últimos anos segundo os datos publicados por Sogama co gallo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, o pasado 5 de xuño. Escolares, asociacións, empresas, universitarios, delegacións técnicas e políticas e un longo etcétera, pasaron polas súas instalacións para ver e comprobar por si mesmos a súa operativa. Un labor que non deixou indiferente a ninguén pola magnitude da infraestrutura cercedense, con capacidade para tratar 1 millón de toneladas anuais de lixo, e a firme aposta por tecnoloxías de última xeración para recuperar os refugalloos susceptibles de ser reciclados a fin de ser convertidos en novas materias primas e valorizar enerxeticamente os non reciclables, evitando o seu depósito en vertedoiro. O programa de visitas foi evolucionando co tempo, conseguindo adaptarse ás características e particularidades de cada colectivo, con intereses moi distintos, sendo atendidos por educadores especializados que

axustan as explicacións á idade, nivel educativo e/ou ocupación. Tamén aumentaron os medios e formatos cos que se presenta o Complexo de Sogama aos visitantes, destacando a adopción dun sistema de visualización virtual das instalacións a través de gafas de realidade aumentada, facilitando unha experiencia inmersiva 360º que permite viaxar por todas as dependencias de Sogama, apreciando detalles e recunchos imposibles de ver nun percorrido a pé. As novas tecnoloxías tamén están

presentes no deseño do xogo "Trash & Furious" dos que os visitantes poden gozar nas máquinas arcade situadas na zona de recepción, favorecendo unha experiencia lúdica que pon a proba os coñecementos sobre recollida selectiva dos que participan nas visitas. As previsións de Sogama apuntan a un incremento das visitas e a diversidade de grupos sociais que recibe nas súas instalacións, contribuíndo a divulgar as boas prácticas na xestión responsable do lixo.



🔄 [Volver á portada](#)

12



Actualidade

Sogama achegou a sostibilidade aos estudantes galegos nos días da Reciclaxe e do Medio Ambiente

Máis de 40 centros de primaria e secundaria recibiron a visita dos monitores ambientais de Sogama. Os estudantes gozaron de actividades e xogos para fomentar o coñecemento e a importancia da reciclaxe, a economía circular e as boas prácticas ambientais ante os residuos



Xornada de formación no CEIP Xacinto Amigo Lera.

Preto de 2.400 escolares de máis de 40 centros educativos de primaria e secundaria das catro provincias galegas recibiron formación presencial, da man de Sogama, sobre sostibilidade no marco do Día da Reciclaxe (17 de maio) e do Día do Medio Ambiente (5 de xuño). Aproveitando ambas as dúas efemérides, o obxectivo desta campaña intensiva era trasladar á comunidade educativa a importancia que ten a protección

da contorna e o papel que supón a reciclaxe para avanzar cara á economía circular ao transformar os residuos en recursos.

O principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) estivo presente en todas as sesións formativas, nas que, ademais, puxéronse a proba os coñecementos en materia de reciclaxe de pequenos e mozos a través de distintas actividades e xogos. Os monitores de Sogama

resolveron dúbidas, corruxiron erros e asentaron conceptos esenciais para facer da reciclaxe unha práctica cotiá para a comunidade educativa.

Malia que o contedor marrón foi o último en incorporarse ás rúas de moitos municipios, os estudantes amosaron un gran interese no mesmo pola oportunidade que representa para a compostaxe da materia orgánica e a súa conversión nun abono de alta calidade.



Actualidade



Os composteiros permiten obter abono natural de alta calidade a partir de biorresiduos.

Repartidos en toda Galicia máis de 22.000 composteiros para promover a autoxestión dos residuos orgánicos

O programa de compostaxe doméstica de Sogama achega os medios e a formación necesaria para que os usuarios dos composteiros poidan obter un abono natural de calidade aproveitando os biorresiduos que se xeran na contorna doméstica

Galicia conta con máis de 22.000 composteiros gracias ao programa de compostaxe doméstica que lidera a Sociedade Galega do Medio Ambiente. O reparto levouse a cabo de xeito gratuito entre un total de 467 entidades adheridas ao plan, entre as que figuran 228 concellos das catro provincias, 207 centros educativos de primaria e secundaria, e 32 colectivos sociais, fundamentalmente asociacións. Recentemente, o programa de compostaxe doméstica ampliouse aos concellos de Allariz, O Carballiño, Ares, Vilarmaior, A Guarda, Marín, Pazos de Borbén e Xunqueira de Espadañedo, entre os que se repartiron 360 unidades.

Os composteiros permiten aos usuarios obter un abono natural de alta calidade a partir dos seus biorresiduos e facer uso del nas súas propias hortas, xardíns e cultivos para aportar nutrientes ao solo e mesmo protexelo fronte a pragas e enfermidades. O composteiro que facilita Sogama ten capacidade para 400 litros e está fabricado con materiais reciclados e reciclables. A fracción orgánica supón, aproximadamente, o 37% da composición media dunha bolsa de lixo doméstico tipo. Se esta se recupera en orixe, evítase o seu depósito nos contedores das rúas, minorando desta forma a cantidade

de residuos que se envían ás plantas de tratamento, o que repercute nun aforro de custos, tanto en transporte como en xestión.

Ademais do reparto de composteiros, a iniciativa de Sogama contempla a celebración de cursos presenciais nos concellos adheridos e o reparto de material didáctico de consulta no que se ofrece información sobre o proceso a seguir para obter un compost de calidade. Así mesmo, os interesados teñen á súa disposición un microsite con distintos recursos divulgativos para reforzar e ampliar os seus coñecementos na materia <https://www.sogama.gal/compostaxe/gl/>



Actualidade

A planta de transferencia de Curtis xestiona 17.000 toneladas anuais de residuos e atende a 15 concellos

Dende a entrada en funcionamento das instalacións de Curtis, a recollida diferenciada de residuos é máis eficaz para os veciños da contorna ao tempo que se maximiza o aproveitamento do lixo para a súa reciclaxe ou compostaxe



O presidente de Sogama, Javier Domínguez acompañado do alcalde de Curtis e diferentes representantes da contorna.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, realizou unha visita á planta de transferencia de residuos de Curtis, unha instalación na que se investiron 2,2 millóns de euros.. A planta está integrada na rede pública deseñada pola Xunta para facilitar a xestión dos biorresiduos que se xeran na comunidade. A de Curtis ten capacidade para dar servizo a un total de 15 concellos, o

que supón unha poboación de 40.000 habitantes, e pode chegar a xestionar ata as 17.000 toneladas anuais. Con este tipo de instalacións, a Xunta apoia aos concellos na recollida diferenciada de residuos e impulsa a posta en valor da materia orgánica que se recolle no contedor marrón.

Domínguez, que estivo acompañado durante a súa visita polo alcalde de Curtis e outros representantes de municipios da contorna, destacou o papel estratéxico que xoga unha planta de transferencia como esta para maximizar o aproveitamento daqueles residuos que poden converterse en materia prima ou ter unha segunda vida.



Actualidade


A creatividade dos escolares galegos foi premiada no certame de carteis de "Recíclate con Sogama"

26 centros educativos da comunidade participaron nunha nova edición do concurso de carteis sobre reciclaxe de Sogama. Os mellores traballos foron recoñecidos con dotacións económicas para material escolar e accións educativas

O CEIP Pedro Caselles Rollán, de Xove (Lugo), gañou o concurso escolar de carteis do programa educativo "Recíclate con Sogama" 2023-2024, canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia. O certame anima ao alumnado a promover a reciclaxe e os seus beneficios a través da expresión artística. O cartel gañador luce o lema "Dá un paso, non teñas medo, non é máis ca un pequeno enredo. Recicla", e na súa elaboración, os autores empregaron materiais reciclados.

O segundo premio foi para o CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo (Lugo), cun cartel que reproduce a paraxe icónica do faro da Illa Pancha, situado na ría de Ribadeo, e sobre o que loce a frase "Coida a túa paisaxe, mergúllate na reciclaxe". O traballo presentado polos escolares do CEIP Andrade, de Pontedeume (A Coruña), foi galardoado co terceiro premio do certame, co seu cartel "A nosa pegada no planeta", representando a sustentabilidade e a cultura ambiental implantada no seu centro a través da recollida selectiva de residuos.

O gañador acadou unha dotación económica de 1.300 euros, o segundo premio recibiu 1.000 euros e o terceiro clasificado 700 euros. O xurado, conformado por membros de Sogama e da Consellería de Educación, decidiron outorgar dous accésits: o primeiro, ao CPR Santa Juana de Lestonnac, de Ferrol, e o segundo ao centro de Educación Especial de Vilagaría de Arousa. "Recíclate con Sogama" é un programa promovido por Sogama a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia. 26 centros educativos de toda a comunidade participaron nesta edición.



Cartel gañador do concurso escolar de carteis do programa "Recíclate con Sogama".



🔍 [Volver á portada](#)

16

Actualidade

Sogama impartiu un curso online sobre o contedor marrón para os concellos

Benito Blanco, experto en xestión de residuos de Applus, achegou ao persoal das administracións locais, alcaldes e concelleiros o marco normativo que regula a implantación do contedor marrón, afondando na responsabilidade dos concellos e as boas prácticas para implicar á cidadanía na xestión da fracción orgánica



Sogama contou coa colaboración de Applus para a formación sobre o contedor marrón para os concellos.

Preto dun cento de técnicos, alcaldes e concelleiros doutros tantos concellos adscritos a Sogama participaron no curso online "A implantación do contedor marrón: desafíos e oportunidades", promovido por esta empresa pública. O relator do curso foi Benito Blanco, xerente de proxectos de residuos de Applus, entidade que colaborou na iniciativa. O obxectivo da actividade, que contou cunha duración de 5 horas repartidas en dúas xornadas, foi afondar nas implicacións da implantación do quinto contedor, concibido para a recollida de materia orgánica, e promover entre os concellos que

aínda non o teñen instaurado, que o poñan en marcha para cumprir a normativa europea correspondente. O curso estruturouse en catro bloques de contidos e un tempo final para o coloquio. Os representantes dos concellos coñeceron en detalle o marco normativo que regula a xestión diferenciada da materia orgánica en vigor dende o 31 de decembro de 2023, así coma o seu encaixe nos modelos tradicionais, a revisión das ordenanzas municipais, a dimensión e custos asociados do novo servizo, a disposición de medios e a modificación dos contratos para a xestión da fracción orgánica. Tamén se fixo fincapé

na importancia das campañas de información, formación e sensibilización social. Os asistentes á formación coñeceron o papel de Sogama en relación ao quinto contedor, presentando a rede de infraestruturas para valorizar a materia orgánica deseñada pola Xunta de Galicia para dar respaldo aos concellos no cumprimento da lexislación vixente. O programa de compostaxe doméstica impulsado por Sogama suma 467 entidades adheridas, entre concellos, centros educativos e colectivos sociais, e ten repartido entre elas máis de 22.000 composteiros de forma gratuita.




Multimedia

Todo o que necesitas saber sobre o programa de compostaxe doméstica de Sogama está aquí

Iniciarse na compostaxe doméstica será moito máis sinxelo grazas á web que Sogama pon a disposición das persoas interesadas neste proceso.

A compostaxe axeitada dos residuos orgánicos xerados no fogar ofrece importantes vantaxes tanto ambientais como económicas. Ao reciclar a materia orgánica na súa orixe e evitar o traslado á planta de tratamento, non só contribuímos a reducir as emisións de gases contaminantes procedentes do transporte, senón que tamén axudamos a diminuír o custo municipal asociado ao tratamento dos residuos.

Por estes motivos, cada vez son máis as persoas que buscan aproveitar os refugallos orgánicos que xeran a diario para darlle un novo uso como abono para xardíns e hortas. No portal web atoparán



vídeos didácticos, manuais de como facer compost doméstico, e tamén poderán consultar a lista de

concellos que están adheridos ao programa de compostaxe de Sogama.

[Acceso directo á web](#)

Grazas!

Con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, celebrado o 5 de xuño, Sogama quixo expresar o seu agradecemento a través dun vídeo conmemorativo ás máis de 80.000 persoas que xa visitaron o Complexo Medioambiental.



[Ver o vídeo](#)

[Volver á portada](#)



Multimedia

5 datos que non sabías sobre a reciclaxe de aluminio

Arpal, a Asociación que promove a reciclaxe de envases de aluminio, comparte este vídeo onde poderás descubrir máis información sobre o aluminio e o seu proceso de reciclaxe.

[Ver o vídeo](#)



Que pasa cando nenas e nenos cultivan alimentos na escola?

A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura (FAO) expón neste vídeo, os beneficios das hortas escolares como ferramenta para desenvolver diferentes habilidades e promover unha alimentación saudable e respectuosa co medio.

[Ver o vídeo](#)



[Volver á portada](#)

Eventos

Colectivos sociais de distintos ámbitos visitan o stand de Sogama na Feira Enerxética 2024

A clasificación de residuos en orixe e o contedor de destino para cada tipoloxía, acaprou unha boa parte das consultas realizadas polos visitantes, do mesmo xeito que o potencial enerxético de Sogama. Con todo, a temática estrela foi o programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama en Galicia, solicitando, tanto representantes de entes locais como de centros educativos, información sobre o protocolo de adhesión a esta iniciativa ao considerala unha oportunidade para previr e reducir a xeración de residuos. Os visitantes da feira achegáronse para compartir as súas reflexións sobre a necesidade de colaboración da poboación co sistema e a importancia das campañas de formación e concienciación de cara á xestión sostible dos residuos.



Javier Domínguez, presidente de Sogama, expuxo en varios encontros o compromiso da Sociedade coa reciclaxe

“Galicia foi pioneira na recuperación de materiais reciclables contidos na fracción resto”, manifestou Javier Domínguez, presidente de Sogama, no III Encontro ESGREM, en Donostia. Alí deu a coñecer os pormenores do modelo de xestión de residuos impulsado pola compañía ante un aforo de 100 representantes de entidades públicas de toda España, que dan servizo a máis de 25 millóns de persoas. Destacou a aposta de Sogama pola reciclaxe ao poñer en marcha unha planta 4.0 para a recuperación de residuos reciclables da bolsa negra. Convidado por CESAGAL e AEIGA, participou tamén nunha xornada sobre Economía Circular Inclusiva celebrada na Cidade da Cultura. Interviu na mesa “Situación actual, importancia da estratexia e compromisos de futuro”,



acompañado polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, representantes da Consellería

de Medio Ambiente e Cambio Climático, e da GAIN.



Eventos

Mirta Sueiro, directora xeral de Sogama, participa no Foro El Economista

“Queremos facer de Sogama unha empresa pública áxil e proactiva, e, neste camiño, a tecnoloxía será o noso gran aliado”, declarou Mirta Sueiro, directora xeral de Sogama, durante a súa intervención no foro “O futuro das empresas públicas 2030”, promovido polo diario elEconomista.es. Este acto celebrouse en Madrid e estivo centrado no comportamento da empresa pública ante retos tales como a transformación dixital e o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Entre outras cuestións, a directora xeral de Sogama incidiu na pretensión desta compañía de facer unha xestión anticipativa para asegurar o cumprimento de obxectivos ambientais e contribuír á circularidade de Galicia.



O xefe de Control Técnico e Económico de Sogama, convidado pola UE para participar nunha xornada sobre recuperación e reciclaxe de residuos plásticos celebrada no Líbano

Pedro Alcázar Arévalo interveu, vía en liña, para falar da operativa de Sogama na clasificación das distintas fraccións de residuos plásticos conforme aos requisitos dos recicladores e dar a coñecer o papel desta empresa pública dentro dun SCRAP.

O evento contou tamén coas achegas de expertos procedentes de Malta, Lituania, Suecia e República Checa, os cales compartiron experiencias na materia cos seus homólogos libaneses a fin de axudalos a facer fronte á alta contaminación plástica no seu país. Buscou, ademais, que comprendesen e interiorizasen as exencións fiscais, así como



as regulacións de exportación, recibindo orientación sobre o control

de calidade, seguridade e inspección.

Eventos

Distintos grupos interesados por coñecer os pormenores do modelo Sogama visitaron o seu Complexo industrial



O alumnado da Cátedra INDITEX-UDC de Sostibilidade, acompañado pola súa directora, Marta Rey-García, e outros membros da organización, visitou o Complexo Medioambiental de Cerceda para adentrarse na súa operativa industrial e xestión sostible dos residuos municipais producidos polos 295 concellos galegos adscritos ao seu sistema. Abordouse

a importancia transcendental da colaboración cidadá na recollida selectiva de refugallos para propiciar o seu posterior reciclado, así como a necesidade de infraestruturas axeitadas. Tamén a División de Reciclaxe e Residuos da cidade sueca de Mölndal interesouse polo modelo Sogama. Andreas Svendsen, Estratega de Sostibilidade nesta

localidade, visitou o Complexo e mantivo un encontro co seu presidente, Javier Domínguez. Acompañados por Carlos Ameixenda, director da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, percorreron as distintas plantas que participan no tratamento dos residuos.



Curiosidades

Reducir refugallos e convertelos en recursos

Un informe da ONU alerta sobre a necesidade de poñer fin á era dos refugallos, transformándoos en recursos que aseguren un futuro sostible.

Baixo o título "O fin da era de residuos: transformación do lixo en recursos", o informe "Perspectiva Mundial da Xestión de Residuos 2024 (GWMO 2024)" destaca a urxencia de desvincular a xeración de residuos do crecemento económico e de adoptar modelos de economía circular e políticas de residuos cero.

Segundo o estudo, a inacción fronte á xestión global dos refugallos implica un elevado custo para a saúde humana, o medio ambiente e a economía. De non tomarse medidas inmediatas, o informe advirte que, para o ano 2050, o custo anual global podería duplicarse, acadando a impactante cifra de 640.300 millóns de dólares.



A investigación presentouse na sexta edición da Asemblea das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente (UNEA-6), celebrada do 26 de febreiro ao 1 de marzo na sede do PNUMA en Nairobi (Kenya).

Imaxe: Pexels

A Unión Europea reforza a redución de envases de plástico

O Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron un acordo para facer que os envases de plástico sexan máis seguros, sostibles e completamente reciclables, ademais de conter menos substancias nocivas na súa composición.

O acordo contempla unha redución progresiva do uso de envases plásticos, fixando un obxectivo de diminución do 5% para o ano 2030 e do 15% para o 2040. A partir de xaneiro de 2030, certos formatos de envases de plástico dun só uso quedarán prohibidos. Ademais, tamén se vetarán as bolsas de plástico ultralixeiras (de menos de 15 micras), salvo en casos xustificadas por motivos de hixiene ou cando se usen como envase primario para alimentos a granel.

Co obxectivo de minimizar os efectos adversos sobre a saúde, o Parlamento decidiu prohibir o uso de "químicos permanentes" nos envases destinados ao contacto con alimentos. Así mesmo, todos os envases deberán ser reciclables e cumprir cos criterios establecidos na lexislación secundaria.



Fonte: Parlamento Europeo
Imaxe: Pexels



Curiosidades

O 25% das materias primas da Unión Europea deberá proceder da reciclaxe

A Lei de Materias Primas Críticas (CRMA), aprobada no primeiro semestre de 2024, ten como obxectivo garantir a subministración estable de materiais esenciais para a transición ecolóxica e dixital. Con tal fin, establece prazos claros para a autorización de proxectos extractivos na UE, reconece proxectos como estratéxicos e esixe avaliacións de risco e plans nacionais de exploración. A CRMA tamén garante o acceso a materias primas críticas mediante rigorosos criterios de extracción, procesamento, reciclaxe e diversificación das fontes de importación. Ademais, fixa metas clave: o 10% das materias primas deberá extraerse localmente, o 40% procesarse na UE e o 25% proceder de materiais reciclados.



Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pexels

Nova ferramenta de análise da circularidade dos plásticos

A Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA) presenta unha nova ferramenta de seguimento que analiza os avances na circularidade dos plásticos en Europa, proporcionando información técnica para responsables políticos, partes interesadas e o público xeral. Este anuncio forma parte dun informe que conclúe que os patróns de produción e consumo de plásticos en Europa non son sostibles, polo que se considera necesario avanzar cara a unha maior circularidade para reducir a xeración de residuos, a contaminación e o cambio climático.



Fonte: AEMA
Imaxe: Pexels



Curiosidades

Os servizos de augas residuais e xestión de residuos, principais beneficiarios do investimento en protección ambiental

A Oficina Europea de Estatística (Eurostat) estima que en 2023 a Unión Europea investiu aproximadamente 67.000 millóns de euros en activos esenciais para ofrecer servizos de protección ambiental, centrados principalmente no tratamento de augas residuais e na xestión de residuos. Segundo os datos dispoñibles, o 60% do total foi investido por empresas, mentres que o 40% provén de gobernos e entidades sen ánimo de lucro.



Fonte: Eurostat
Imaxe: Pixabay

Recollidas máis de 150 toneladas de lixo mariño

No marco do proxecto Upcycling the Oceans, promovido por Ecoalf e Ecoembes, en 2023 recolléronse en España un total de 154.896 quilos de lixo dos fondos mariños e da actividade humana. Esta iniciativa, que comezou en 2015, ten como obxectivo retirar lixo mariño e levalo aos contedores do porto para a súa recuperación segundo a súa tipoloxía. Na pasada edición, participaron 2.583 pescadores de 45 portos españois situados en Galicia, Cataluña, Comunidade Valenciana, Rexión de Murcia e Andalucía.



Fonte e imaxe: Ecoembes



Curiosidades

Entrada en vigor da nova Directiva para a reparación de produtos

O 30 de xullo entrou en vigor a Directiva sobre normas comúns para fomentar a reparación de bens e promover un consumo máis sostible. Os Estados membros deberán transpoñela ás súas normativas nacionais e aplicala a partir de xullo de 2026.

Esta nova normativa, que ten como obxectivo ampliar a vida útil dos produtos de consumo, complementa á Directiva sobre deseño ecolóxico e á Directiva sobre o empoderamento dos consumidores na transición ecolóxica. Esta última busca ofrecer información mellorada sobre a durabilidade e a reparabilidade dos bens no punto de venda.



Fonte: Comisión Europea
Imaxe: Pixabay

Implementación da Lei europea sobre deseño ecolóxico

Comeza a aplicarse o novo regulamento sobre deseño ecolóxico, cuxo obxectivo é mellorar a circularidade, o rendemento enerxético e outros aspectos relacionados coa sostibilidade ambiental dos produtos comercializados na Unión Europea. Coa aprobación desta nova lei, un produto sostible deberá presentar unha ou varias das seguintes características: consumir menos enerxía, ter maior durabilidade, ser fácil de reparar, contar con pezas desmontables e reutilizables, incluír menos substancias nocivas, facilitar a reutilización, incorporar máis contido reciclado e contar cunha menor pegada de carbono e ambiental ao longo do seu ciclo de vida.



Fonte e imaxe: Comisión Europea



Curiosidades

A sociedade española, disposta a mudar os seus hábitos

Segundo un informe elaborado pola consultora beBartlet, a sociedade española manifesta disposición para cambiar os seus hábitos co obxectivo de combater o cambio climático. O estudo fundamentouse nas conclusións de tres enquisas anuais promovidas polo Observatorio ENGIE en España: Cidadáns, Cambio Climático e Transición Enerxética, realizadas entre 2021 e 2023 con aproximadamente 10.000 entrevistados de distintas comunidades autónomas. A análise non só destaca a preocupación e a disposición da cidadanía cara á acción climática e á transición enerxética, senón que tamén subliña a necesidade dun esforzo coordinado entre administracións públicas, empresas e sociedade para abordar estes desafíos de forma efectiva.



Fonte: Compromiso RSE
Imaxe: Pexels

En 2025 celebrarase a primeira feira de reciclaxe téxtil

Os días 4 e 5 de xuño de 2025, celebrarase en Bruxelas a Têxtils Recycling Expo, a primeira feira dedicada á reciclaxe téxtil, que ten como obxectivo impulsar a innovación e fomentar a colaboración entre os distintos axentes da cadea de valor. Paralelamente á exposición, realizaranse conferencias de alto nivel que ofrecerán un foro para que líderes do sector, expertos en I+D+i e outras partes interesadas analicen e proxecten un futuro común para unha industria téxtil máis sostible.



Fonte e imaxe: AMI (organizador da exposición)



Curiosidades

Novo director xeral da Asociación do Têxtil

A Asociación para a Xestión do Residuo Têxtil e o Calzado nomeou ao galego Juan Ramón Meléndez como o seu novo director xeral. Licenciado en Económicas e Empresariais, Meléndez ten unha ampla traxectoria no sector dos residuos, exercendo como director de Operacións en Ecovidrio, xerente de Relacións Internacionais en Ecoembes e, máis recentemente, como director xeral da Asociación de Latas e Bebidas. Coa súa incorporación, a entidade busca promover a adopción de prácticas máis respectuosas co medio ambiente, así como fomentar a economía circular.



Fonte e imaxe: Asociación para a Xestión do Residuos Têxtil e o Calzado

Viratec releva a súa Xunta Directiva

Viratec, o Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular, que integra a Sogama como entidade socia, contará para o período 2025-2028 cunha nova directiva presidida por Josefa de León, de Agroamb.

A nova presidenta estará acompañada por representantes de Aqualia, Viaqua, Valtalia, Vertex Bionergy, Coregal e a USC-Cretus. Co novo equipo, ademais de executar o Plan Estratégico da nova etapa, xestionará a Business Factory Clima Tech, a primeira aceleradora de empresas do sector ambiental e da economía circular en Galicia.



Fonte e imaxe: Viratec



Receitario

Sinxela e gustosa

Se hai un alimento que destaca pola súa versatilidade na cociña diaria, ese é sen dúbida a pataca. Protagonista indispensable, acompaña á perfección unha infinidade de pratos e pódese preparar de formas tan variadas como o permitan os gustos de cada quen. Nesta ocasión, imos cociñala cun salteado de verduras, aproveitando eses anacos que sempre quedan esquecidos no frigorífico. Esta receita está extraída do libro "[Sabroso reciclaje](#)", editado polo Penal de Monterroso. Recorda consultalo para aproveitar os excedentes cos que moitas veces non sabemos que facer. Anímate a compartir as túas re-creacións culinarias etiquetándonos en [Instagram](#), [Facebook](#), [Twitter](#) e [LinkedIn](#)!

Salteado de verduras con patacas asadas



Ingredientes reciclados

- Sobrantes de cabaciña
- Berenxena
- Chícharos



Outros ingredientes

- Cogomelos shimeji
- Patacas
- Cebola
- Allo
- Comiño
- Salsa de soia
- Sal e pementa



Elaboración:

1. Pelar as patacas, cortar en toros de aproximadamente medio centímetro de grosor, colocar na reixa do forno, salpimentar e enfornar a 180 graos ata que se douren.
2. Nunha tixola, refogar media cebola picada e dous dentes de allo.
3. Engadir a cabaciña e a berenxena partida en tacos e seguir refogando.
4. Agregar os chícharos e os cogomelos, salgar, agregar un par de culleradas de salsa de soia, un chisco de comiño móido, acabar de dourar todo e servimos xunto ás patacas asadas.

